

**A palabra de hoxe é**

***Voleibol***

***VOLEIBOL***

O voleibol é un deporte no que se enfrontan dous equipos de seis xogadores, que lanzan, coas mans, unha pelota por riba dunha rede situada no centro do campo de xogo, coa intención de que toque no campo do equipo contrario.



A palabra de hoxe é

***Punteiras***

***PUNTEIRAS***

As punteiras son unhas zapatillas deportivas que se usan en ximnasia rítmica. Son lixeiras e de material flexible. Chámanse así porque só cobren a punta do pé.



A palabra de hoxe é

***Boia***

***BOIA***

Unha boia é un obxecto que flota e que se coloca suxeito ao fondo do mar, dun lago, dun río, dunha piscina... para sinalización e/ou demarcación.

Ademais na natación en augas abertas cada nadador/a leva unha boia por seguridade.



***Boia de regata para vela.***



***Boia para natación en augas abertas***

**A palabra de hoxe é**

***Arnés***

***ARNÉS***



Un arnés é un conxunto de pezas e correas que lles poñen aos cabalos para montalos.

Tamén se lle chama así ao conxunto de correas que se axustan ao corpo dunha persoa e que se utilizan como suxeición por exemplo no deporte da escalada.



***Arnés para  
cabalo***



***Practicando  
escalada con  
arnés.***



A palabra de hoxe é

***Argolas***

***ARGOLAS***

As argolas son uns aparellos de ximnasia, son dous aneis grosos de metal pendurados de cordas, que serven para realizar exercicios de suspensión.

